



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

CEIP SAN FRANCISCO JAVIER
Código do centro 15025025

Ronda de Outeiro 72 15009 A Coruña

881 960 980

881 960 987

ceip.sanfrancisco@edu.xunta.gal

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipsanfrancisco/>



CIRCULAR INFORMATIVA

NOVO PROTOCOLO DE XESTIÓN EPIDEMIOLÓXICA NOS CENTROS ESCOLARES

Estimadas familias:

O Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde procedeu a realizar unha adaptación das medidas de prevención do COVID-19 nos centros educativos. A flexibilización das medidas adoptadas van encamiñadas a adecuar os escenarios ó avance da vacinación.

Trala reunión mantida o venres con representantes da Consellería de Sanidade e da Consellería de Educación, modificouse o protocolo de vixilancia e control epidemiolóxico fronte ao virus SARS-Co-2 (COVID 19) no ámbito educativo. Informamoslles dos principais cambios:

CASOS POSITIVOS

DEFINICIÓN

Persoa con PDIA(Proba Diagnóstica de Infección Activa) positiva:

- PCR
- Test de antíxenos realizado por un profesional.
- **Autotest positivo** (debe comunicarse o resultado positivo al teléfono 881 540 045 ou a través da páxina web: <https://coronavirus.sergas.gal/>)

PROTOCOLO:

- Illamento domiciliario mínimo de 7 días, sempre que transcurrirán 3 días sen síntomas. Transcurrido o periodo de illamento, poderase incorporar ó centro educativo.
- Tras o período de illamento, durante os tres días seguintes debense extremar as precaucións e reducir todo o posible as interaccións sociais, utilizando de forma constante a máscara.

IMPORTANTE

LEMBRAR TODOS OS DÍAS REALIZAR A AUTOENQUISA AVALIACIÓN CLÍNICA DA COVID 19 (febre maior de 37,5°C, tose seca ou produtiva, dificultade respiratoria, dor de garganta, outros íntomas respiratorios, fatiga severa, cansanzo, dor muscular, falta de olfacto, falta de gusto, vómitos ou diarrea)

Se presenta estes síntomas, independentemente do estado vacinal, será considerado caso sospeitoso da COVID-19 e NON deberá acudir ó centro escolar. Porase en contacto co seu pediatra/médico ou chamará ó 881 540 045.

SITUACIÓN NO COLEXIO

- **CASOS ESPORÁDICOS** (de 1 a 4 positivos ou menos do 20% dunha contorna: grupo no aula, grupo de comedor, grupo de actividades extraescolares)
 - Ningún neno-a fará cuarentena (excepción inmunosupresión)
 - Non se identificarán contactos estreitos e darase aviso a profesorado e familias para extremar medidas de seguridade durante os seguintes 10 días. (utilizar a máscara, limitación do número de contactos sociais...).
- **AGRUPACIÓN DE CASOS** (existen 5 ou máis positivos ou máis do 20% da contorna grupo no aula, grupo de comedor, grupo de actividades extraescolares)
 - Como ata agora, determínanse contactos estreitos nese grupo. Realízanse probas diagnósticas a ese contactos.
 - Espera de instrucións sanitarias quen avaliará o risco de transmisión. Illamento de 7 días tras os que de non presentar síntomas nos últimos 3 días dese illamento, poderase incorporar de novo ao colexio se necesidade de proba diagnóstica

SITUACIÓN NA CASA

- **NENO-A CON SÍNTOMAS**
 - Non poderá vir ao centro e a familia deberá avisar desta situación ó centro: ceip.sanfrancisco@edu.xunta.gal . Contactar cos servizos sanitarios (pediatra) que valorarán se é pertinente realizar unha proba diagnóstica e darán as instrucións precisas.
- **NENO-A CON DIAGNÓSTICO POSITIVO**
 - Non pode acudir ó centro. Seguir as indicacións dos servizos sanitarios.
 - Illamento de 7 días tras os que, de non presentar síntomas nos últimos 3 días dese illamento, poderase incorporar de novo ao colexio sen necesidade de proba diagnóstica ou informe médico
- **NENO-A CONTACTO ESTREITO DUN POSITIVO NA CONTORNA FAMILIAR**
 - Cando un neno/a sexa contacto estreito dun familiar co que convive deberá facer un illamento de 7 días, agás que teña a pauta de vacinación completa, seguindo as recomendacións sanitarias. Tras este illamento, de non presentar síntomas nos últimos 3 días poderase incorporar de novo ao colexio sen necesidade de proba diagnóstica ou informe médico

Reciban un cordial saúdo

Equipo COVID